

# RESUMO DE CONTIDOS

## En acción para o galego!

Lingua Galega e  
Literatura | 6º EP



## Índice

3. Que está pasando co galego?.....	2
3.1. Como o estamos tratando?.....	2
Galego, lingua minoritaria.....	3
3.2. E ti, como te comunicas?.....	4
Todos nos comunicamos igual?.....	4
Pero ollo!.....	5
3.3. Como nos comunicamos?.....	6
Comunicación.....	6
Tipos de canles de comunicación.....	6
3.4. Escribimos na nosa lingua.....	8
O uso da maiúscula.....	8
3.5. Como poden ser as palabras?.....	9
Palabras simples.....	9
Palabras compostas.....	9
Atribución dos recursos incorporados ao documento.....	10

### 3. Que está pasando co galego?

#### 3.1. Como o estamos tratando?

A pesar de que o galego é a lingua propia e unha das linguas oficiais de Galicia, cada vez é menos falada polos seus cidadáns, sobre todo entre as xeracións máis novas.

Son moitos os motivos que nos levaron a esta situación actual.


Un deses motivos é que as familias deciden falarlles en castelán ás súas fillas e fillos, pensando que esta lingua lles abrirá máis portas ou lles dará outras oportunidades que non lles pode dar o galego. Isto leva a que, a pesar de que se estude galego nas escolas, cada vez estea menos presente nas conversas espontáneas que se dan nelas.

Outro motivo moi importante é que a maioría de cousas que vemos, lemos ou escoitamos (películas, música ou redes sociais) están en castelán. Polo que a exposición ao galego tamén se reduce nunha parte importante da nosa vida.

E como terceiro motivo, destacaremos que o galego nas cidades é cada vez menos habitual. Certo é que no rural segue moi presente, pero a poboación que vive nel, cada vez é menor.

E, nesta situación... Que podemos facer nós para que o galego teña futuro?

A pesar de que o galego é a lingua propia e unha das linguas oficiais de Galicia, cada vez é menos falada polos seus cidadáns, sobre todo entre as xeracións máis novas.



## Galego, lingua minoritaria

### Linguas minoritarias en España

Quizais non coñezas que, ademais das linguas oficiais que coexisten en España, tamén subsisten moitas outras linguas, non recoñecidas como tal, como idiomas cotiáns de moitos cidadáns e cidadás. Ademais do español, o valenciano, o éuscaro, o galego, o aranés ou o catalán, cuxa existencia é amplamente coñecida, o bable, a fala estremeña ou o aragonés entre algúns outros exemplos, tamén se utilizan e practican nalgúns lugares do país.

A principal diferenza entre estes dous grandes grupos radica no seu recoñecemento, oficialidade e protección. (...) A oficialización dunha lingua leva a unha maior utilización da mesma polo “dereito de calquera cidadán ou cidadá a expresarse e ser atendido nesa lingua cando se relaciona cos poderes públicos e o dereito a coñecer a propia lingua”. Ademais, serve como medio de comunicación entre os cidadáns e cidadás. En consecuencia, a conversión dun idioma en lingua oficial normaliza o seu uso e fomenta a súa protección.

“A normalización e o apoio oficial favoreceron o prestixio e o uso de linguas como o catalán, o valenciano, o éuscaro ou o galego”, explica o sociólogo e profesor universitario Natxo Sorolla. Así mesmo, engade Chabier Gimeno, membro do Seminario Aragonés de Sociolingüística que “hai unha ameaza seria para a supervivencia das linguas minoritarias en todo o Estado español” e ademais aclara que “non hai en Europa constancia de que ningunha lingua minoritaria sobrevivira”. Todo iso débese á “falta de protección oficial”. Con todo, a pesar de non ser recoñecidas como oficiais, certas Comunidades Autónomas optaron por outorgar un mínimo nivel de protección a algunhas destas linguas minoritarias, aínda que inferior ao resto.

Dito o anterior, vaia este *post* para visibilizar algunhas das linguas minoritarias españolas:

- Aragonés: trátase dunha lingua utilizada na zona norte de Aragón.
- Bable: conserva algo máis de 150.000 falantes en Asturias, León e Zamora.
- Benasqués: dialecto entre o aragonés e o catalán falado na provincia de Huesca.
- Cántabro: é utilizada por aproximadamente 3.000 persoas.

- Fala: é falada por unhas 10.000 persoas na provincia de Cáceres.
- Asubiar gomero: é un idioma asubiado baseado na comunicación non verbal.
- Tamazigh: lingua de orixe bérber, que utilizan máis de 40.000 persoas en Melilla.
- Caló: variante romaní conservada por algúns miles de xitanos.

Adaptación de Dame 1 minuto de. (2022, 28 de novembro). *Lenguas minoritarias en España*. <https://dame1minutode.org/lenguas-minoritarias-en-espana/>

## 3.2. E ti, como te comunicas?

### Todos nos comunicamos igual?

Sabías que non todas as persoas nos comunicamos usando a lingua oral ou escrita? Sendo certo que son os xeitos máis comúns, hai moitas máis maneiras de expresar ideas, pensamentos e emocións.

Por diversos motivos, moita xente non pode empregar a fala ou a escritura, como dificultades físicas, sensoriais ou cognitivas. Isto non significa que non se comuniquen coas demais persoas, senón que empregan outros sistemas.

Algúns **sistemas alternativos á linguaxe verbal** son estes:

- **Lingua de signos.**

Emprégana especialmente persoas xordas, pero tamén aquelas que teñen dificultades para articular a fala. É unha linguaxe completa que, ademais de empregar as mans, tamén se empregan os xestos, as expresións faciais e o corpo. Cada país ten a súa propia lingua de signos, como é o caso da Lingua de Signos Española (LSE).

- **Braille.**

Neste caso, trátase dun sistema de puntos en relevo no que cada combinación é unha letra, un número ou un signo de puntuación e lese coa punta dos dedos. É empregado por persoas cegas ou con perda visual.

- **Sistemas aumentativos e alternativos da comunicación.**

Son ferramentas ou métodos que axudan a comunicarse a persoas con dificultades graves para falar ou escribir.

Adoitan empregar comunicadores electrónicos (tableta ou dispositivo que emite palabras cando a persoas selecciona imaxes ou palabras) ou taboleiros de comunicación (taboleiros con símbolos, debuxos ou pictogramas que as persoas sinalan para expresar o que desexen).

## Pero ollo!

Incluso as persoas que empregan a fala e a escritura para comunicarse, fano de xeito moi diferente. Hai multitude de linguas (como o galego ou o castelán), pero dentro delas hai moitas variedades, os **dialectos**.

Non se fala igual o castelán en toda España, pero tampouco se fala igual o galego en todo o territorio de Galicia, onde existen tres bloques dialectais.

Aquí podes ver polo miúdo un mapa coa división dos bloques dialectais, ti en cal te atopas?



Estas son as principais características de cada un dos bloques dialectais:

### Bloque occidental

- Plural en palabras rematadas en -n: como a norma (cans — cans).
- Gheada: (gato — ghato).
- Seseo: cambio do fonema c/z ao s (cine — sine).


### Bloque central

- Plural en palabras rematadas en -n: eliminan o -n e engaden -s (cans — cas).
- Sufixo -án: cambian a -au. (irmán — irmau).

### Bloque oriental

- Plural en palabras rematadas en -n: eliminan o -n e engaden -is (cans — cais).
- Sufixo -iño: rematan en -ín (pequeniño - pequenín).
- Inclusión do grupo -ua- (catro — cuatro).

Ademais destas diferenzas morfosintácticas e fonéticas, tamén existen moitas diferenzas semánticas. É dicir, dependendo do lugar onde vivas, empregarás unhas palabras ou outras para referirte a unha mesma cousa.



### 3.3. Como nos comunicamos?

#### Comunicación

A lingua serve para comunicarnos coas persoas. Para que a comunicación se leve a cabo son necesarios os seguintes elementos: emisor ou emisora, receptor ou receptora, mensaxe, canle e código.

- Emisor ou emisora: é quen crea e envía a mensaxe.
- Receptor ou receptora: é a persoa ou persoas que reciben a mensaxe.
- Mensaxe: é a información que se quere transmitir.
- Canle: é o medio a través do cal se transmite a mensaxe.
- Código: é a lingua na que se transmite a mensaxe.


Temos diferentes maneiras a través das que podemos transmitir unha mensaxe e podémolas agrupar en canles de comunicación orais, escritas, visuais e visuais e xestuais.

#### Tipos de canles de comunicación

- **Oral:**

- Conversas cara a cara: é un intercambio de información entre persoas que están no mesmo lugar.
- Chamadas telefónicas: é unha comunicación entre persoas que non se están vendo, na que só se escoita a voz a través dun teléfono fixo ou móbil.
- Programas de radio ou pódcast: é un programa de audio no que o emisor ou emisores transmiten unha información. A interacción entre o emisor e o receptor prodúcese en ocasións, non sempre.
- Videochamadas: é unha comunicación entre persoas que non se atopan no mesmo lugar pero que se poden ver e escoitar a través de medios tecnológicos.
- Debates: é un intercambio de ideas.
- **Escrita:**
  - Cartas e correspondencia postal: é un medio tradicional de comunicación escrita, o seu uso cada vez é menor. Tamén se inclúen as postais.
  - Correo electrónico: é un medio dixital que permite enviar mensaxes escritas de forma instantánea.
  - Mensaxaría instantánea: consiste en mensaxes breves e rápidos, xeralmente é unha comunicación instantánea. Algunhas aplicacións de mensaxaría instantánea son WhatsApp e Telegram.
  - Redes sociais: permiten difundir mensaxes que poden ser públicas ou privadas. Algunhas redes sociais son Facebook, Instagram ou X.
  - Blogs e páxinas web: son publicacións en liña que poden dar información ou opinións, dependendo da súa finalidade.
  - Libros, revistas e periódicos: son publicacións impresas ou dixitais que se empregan para entreter ou informar.
  - Carteis e anuncios: son mensaxes para informar ou incitar a comprar un produto. Poden ser físicos ou dixitais.

- **Visuais:**
  - Sinais: sinalización viaria.
- **Visual e xestual:**
  - Linguaxe de signos: é visual, dado que o receptor capta a información a través do sentido da vista. Ao mesmo tempo é xestual xa que o emisor transmite a mensaxe a través das mans, dos dedos e outros movementos do corpo.
  - Sinais de autoridade ou instrucións no deporte: é unha canle de comunicación visual dado que o receptor ou receptores reciben a información do árbitro ou arbitra a través do sentido da vista, mentres que o emisor emprega xestos para realizar a mensaxe.




### 3.4. Escribimos na nosa lingua

#### O uso da maiúscula

Para escribir correctamente usamos a maiúscula nos seguintes casos:

- Ao comezo dunha oración a primeira letra escríbese con maiúscula.
- Os nomes propios de persoas, lugares, animais, ríos, océanos, montañas...
- Despois de un punto.
- Os títulos de libros, películas ou obras de arte.

- As siglas e os acrónimos.



### 3.5. Como poden ser as palabras?

#### Palabras simples

Son as formadas por unha única palabra. É dicir, teñen unha única raíz e non se poden descompoñer en outras máis pequenas.


Por exemplo: casa ou sol.

#### Palabras compostas

Son as formadas por dúas ou máis palabras que xa teñen significado por separado.

Estas palabras combinan o significado de cada unha das palabras que a forman.

Por exemplo: pararraios = para + raios ou abrelatas = abre + latas.



## Atribución dos recursos incorporados ao documento

Recursos incorporados por orde de aparición e páxina:

Páxina 2: Elaboración propia (proxecto cREAgal). Esquema. (CC BY-NC-SA 4.0)

Páxina 5: Consello da Cultura Galega. Bloques dialectais de Galicia (CC BY)

Páxina 6: Elaboración propia (proxecto cREAgal). Esquema. (CC BY-NC-SA 4.0)

Páxina 7: Elaboración propia (proxecto cREAgal). Esquema. (CC BY-NC-SA 4.0)

Páxina 8: Elaboración propia (proxecto cREAgal). Esquema. (CC BY-NC-SA 4.0)

Páxina 9: Elaboración propia (proxecto cREAgal). Esquema. (CC BY-NC-SA 4.0)

Páxina 9: Elaboración propia (proxecto cREAgal). Esquema. (CC BY-NC-SA 4.0)



“Resumo de contidos. *En acción para o galego*”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)